

LOIS PEREIRO

ESCOLMA

Departamento de Lingua e Literatura Galega

Maio, 2011

IES de Curtis

Para Zeca Afonso

Sentes como o lamento
do tempo pode chegar
como unha lanza no vento
como o vento a avanzar!

Ergúemonos en silencio
cando nos chama o mar
saír das ruínas dun templo
ou polos menos tentar!

RADIO OCÉANO

“Penso que a poesía é
un xeito de fuxir da barbarie”

LOIS PEREIRO

(entrevista coa poeta e xornalista
Ana Romaní en 1995)

“Era só un rapaz enxoito e desperto que andaba ás zancadas pola beira
curiosa da vida, con aquel seu abrigo que parecía herdado de Samuel
Beckett”

MANOLO RIVAS

CRONOLOXÍA

- 1958 Nace en Monforte de Lemos Luis Ángel Sánchez Pereiro.
- 1963 Comeza os seus estudos nos Escolapios. Neste colexio tamén cursará o bacharelato.
- 1974 Realiza COU no instituto público da vila e comeza a escribir os seus primeiros poemas. É unha época de descubertas literarias e musicais.
- 1975 Con dezasete anos marcha a Madrid a estudar Socioloxía. Só está uns meses, regresando a Monforte a traballar co seu pai no negocio familiar.
- 1976 Regresa a Madrid e matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en inglés, francés e alemán. Son tempos de máis descubertas culturais.
- 1977 Funda e edita en Madrid a revista *Loia* xunto ao seu irmán Xosé Manuel, Manuel Rivas e Antón Patiño.
- 1978 Coa súa compañeira Piedade Cabo, percorre Andalucía.
- 1979 De novo con Piedade Cabo viaxa aos países celtas na procura das pegadas de moitos dos seus heroes literarios e musicais.
- 1980 Viaxa a Amsterdam.
- 1981 En Madrid resulta envelenado polo aceite de colza, quedándolle importantes secuelas físicas. Regresa a Monforte.
- 1982 Comeza a vivir co seu irmán Xosé Manuel na Coruña. Gaña o seu único premio, o de Poesía O Facho, co poema “Atrocity Exhibición”.

- 1983 Comeza a estudar informática na Coruña. En compañía de Fernando Saco e Piedad Cabo, fai unha longa viaxe no interrail por toda Europa.
- 1984 Participa na fundación do grupo poético *De Amor e Desamor*.
- 1985 Participa na segunda antoloxía *De Amor e Desamor II*. Publica algúns poemas no número 0 da revista *Luzes de Galiza* e comeza as súas colaboracións na revista *La Naval*.
- 1986 Viaxa a Santander ao encontro “Chove sobre mollado: Semana de las Fuerzas Atroces del Noroeste” na Universidade Menéndez Pelayo. Participa como actor na curtametraxe vangardista *Valle de Lágrimas* dirixida por Jorge Demetrio Rodríguez.
- 1987 Viaxa a Checoslovaquia na compañía do seu amigo Fernando Saco.
- 1988 A TVG emite o seu guión televisivo *¿Que é Galicia?*
- 1990 Edicións do Castro edita o libro *Concurso Nacional de Poesía “O Facho”* onde figura o poema “Atrocity Exhibition”.
- 1992 En maio sae á luz *Poemas 1981/1991* na editorial Positivas.
- 1994 É internado de gravidade no hospital e diagnósticaselle a SIDA.
- 1995 No mes de decembro ve a luz o seu libro final *Poesía última de amor e enfermidade 1991-1995*.
- 1996 O 31 de xaneiro dá no pub Moka da Coruña o seu derradeiro recital.
O 24 de maio falece en A Coruña. Foi enterrado no cemiterio de Santa Cristina do Viso, no Incio, en presenza de familiares e amigos.
- 1997 A editorial Espiral Maior publica de xeito póstumo *Poemas para unha loia*.
- 2010 A Real Academia Galega decide dedicarlle as LETRAS 2011 a LOIS PEREIRO.

ESCOLMA



Menchu Lamas

Poemas 1981/1991

Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul.

Poema a Ánxel Fole

E líquidos telúricos, a terra
que se soña a si mesma e se fai
lenda.

O murmurio invernal
o vran no voo das vésporas ó sol
e o lume coa viciosa liturxia do candil
sombras letais
na quente perspectiva das lareiras
cerimonia das intrigas da infancia
Algo para crer algo auto de fé.

Terra e máis terra brava brava
mais maina e cruel
violenta, visceral,
secreta, infame, inmemorial,
amada, fole, a terra
anxel, fole e a morte
a morte anxel a morte
en ti
the end.

Outro poema de amor

El xa non sentía nada alí deitado
e ela tampouco ao velo.
Preguntouse se o amara algunha vez
mentres vía o seu sangue a caer na alfombra
que ela, sempre ela, tería que limpar
cando o levasen.

¿ QUE É GALICIA ?

Galicia... data

Run...

A. Auga. Aire. A Amnesia do vencido, a Atracción do Abismo, a Árbore xunta á Árbore, e a alegría do espazo circundante. A alma é o Atlántico e é o cantil o corpo da súa chamada Atroz.

B. Barroco: a Beleza usual feita materia en pedra no Bordo do Bosque omnipresente.

C. Calma. Castelao, Curros, Cunqueiro, Cultura, Celebración e Culpa: unha conciencia Céltica do Cosmos.

D. Dificil definir esa Dor, Dobregar o Destino, conseguir que o Desexo nos siga sendo útil. (Diluvia)

E. Espiral no Espazo Esférico. Emigración: Estímulo do noso Exilio interior que nos leva polo leste cara a Europa, polo mar cara ao Éxito e cara á Enfermidade, e sempre cara ao Eterno Extrañamento do Espírito.

F. Fogo de Fogar. Fantasía. Fábricas, Febre e Formas do Futuro, Figuras do pasado. O Fenómeno atmosférico da Felicidade, e todas as Festas do mañá...

G. Gráficas do Granito, auga e silencio, onde transborda a alma da Gulfstream. O xemir das Gaitas, e no carácter esa amable presenza da Graxa.

H. Historia: Herbicida o esquecemento. A Humidade, o "Horror vacui" e a Humildade impídenos converter a Historia en Heroísmo. Nosa Herdade adestrada na fuxida, coa sabedoría das feridas vellas, por nosas propias mans soamente vencidos.

I. Ironía: arte de converter o Inferno nun conto de Inverno.

J. Son oriental. Rotundidade sureña.

K. Kilowatios por terra mergullada.

L. Loito: manchas na paisaxe, bólas negras sobre o tapete verde.

M. Lega Mortos o Misterio da Música, pero o Miño vaise levando ese Misterio ao Mar.

N. Norte. Noite. Néboa. Negro: materia poética nacional.

Ñ. Nh/ gn/ ñ.

O. Oeste: "Galicia atende e obedece á chamada do Oeste" (R. Otero Pedrayo). Tantos séculos de Ofensas e de Esquecemento crean anticorpos no Organismo dun pobo, e esa continua Ofensa da historia xerará no Orgullo deste pobo apracible o destrutivo Osíxeno do Odio, a Obsesión do fracaso e da culpa.

P. Poesía. Patria. Paixón. Perigo de extinción, perdidos en nosa propia Pureza, da necesidade de ser

un Pobo. A nosa indiferenza alimentará o Proceso de autoxenocidio que vivimos. Paisaxes dispersas, aliñados entre os Perfís do Pasado, coa Presenza dunha vexetal sensación de eternidade. Paixón e Poses "punk", reflexos Postmodernos e altas horas nos diques urbáns da noite.

Q. Química da dor Quintaesencia do medo. Aí, pegado a min, quen ri?

R. Río: o Rumor da vida, a Relixión das augas. As Risas xorden sempre onde Reina a calma, na quietud profunda de quen coñece o Risco e domíno. Rural: corre sangue Rural por estas veas; e se algunha vez a Razón opón Resistencia, recoñécese o galego na terra, na lenta vitalidade da árbore, na invencible Resignación da herba.

S. O Son da Soidade e o Silencio. O Salvaxe Sarcasmo dos Soños do presente, e a Silente atracción polo Suicidio: o Sil. O Miño é o noso Sangue, o Sil a súa Sombra. Serenos e Sombríos, finalmente transcende o Sorriso astuto.

T. Terra. E o Tempo, e o Trastorno e as súas Tebras. A Tradición dunha triste Tenrura. A Terra é o principio, e todo existe nela e para ela.

U. Utopía: compaxinar o desexo e a necesidade dos nosos soños.

V. Vacas en Vales mollados, e a férrea Vontade dos Vello encadeados á terra, co Vicio do seu fatalismo escéptico. Verde. Verde e máis Verde sobre outros Verdes, e por detrás: Verde.

W. Whisky: noite urbana. Galicia é Wagneriana, ou é máis ben un Wolfgang Amadeus enfermo de paisaxe, soñando con Sibelius?.

X. 25 de Xullo.

Y. e

Z. Fin

Guión televisivo de Lois Pereiro emitido pola TVG (25-07-1998)

Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)

(Pouco antes de morrer, Raymond Carver escribiu o inicio dun poema:

“¿E conseguiches o que querías desta vida?

Conseguino, si.

¿E que querías?

Considerarme amado, sentirme amado na terra”

Eu tamén podería dicir o mesmo...)

Curiosidade

Saber que está un á morte
e o corpo é unha paisaxe de batalla:
unha carnicería no cerebro.

¿Permitirías ti, amor deserto,
que nesta fevre penitente abrise
a derradeira porta e a pechase
detrás miña, sonámbulo e impasible,
ou porías o pé
entre ela e o destino?

(Cunha bala calibre sete sesenta e cinco
no peto máis pequeno do vaqueiro, sei que
a miña vontade é decisiva para escoller
o momento e o lugar. E apálpoa cos dedos
a todas horas.)

Mala sorte

E por primeira vez desde que souben
que aínda respiraba e seguía vivo
sei o que é sentir medo a non estalo

Interrompido na mellor escea
cando estaba soñando un soño dérmico
de paixón e beleza
cunha serea distancia literaria e sabia

Só ela podía ser tan inoportuna
groseira inculta e pouco delicada
chamándome despois de ter sobrevivido
á comfortable atracción do fracaso
e saber dunha vez o que era a vida
amar e ser amado.

“Quando tú te vas/ cuando tú te vas/ te llevas mi
sangre correiendo detrás”

M. MONTOYA

(Demasiado tempo entre dúas vidas, sen ti e a nosa
dor achegándose día a día á porta despois de oír como
se abría a porta do elevador... E o meu corpo, o meu espíri-
to, o soño, definitivamente soltou lastre...)

XXVII

Explórote cos ollos
descúbrote por dentro
profanando o teu sangue que levo ó meu desexo
paséome por ti
examino os teus procesos
orgánicos
mátote e morro en ti
máis docemente

ou mellor
inocúlame ti a min
veleno dos teus dentes
mergúllate no meu sangue
inxéctate nas veas
que te observan

e xa doente dóeme
a túa dor no teu desexo
berrando en cada óso
e a túa morte
mátame e resucítame

para ó final
morrerme

morre en min
sobrevive
letal amor
que nunca perde
o alento
coa súa sede de amor
e os seus cinco
sentidos.

(Ausencia ou presenza non alteran
a distancia do espírito,
que xa internou nela.
E os elementos das novas tecnoloxías
van elaborando os nosos afectos...)

X

Tristemente convivo coa túa ausencia
sobrevivo á distancia que nos nega
mentres bordeo a fronteira entre dous mundos
sen decidir cal deles pode darme
a calma que me esixo para amarte
sen sufrir pola túa indiferencia
a miña retirada preventiva
dunha batalla que xa sei perdida
resolto a non entrar xamais en ti
pero non á tortura de evitarte.

xullo, 95

(Contra a morte!, o amor que vai
comigo; contra o tempo que remata!, o voso
tempo; conta o loito!, o desexo; contra
o mundo!, unha bomba meditada; contra min!
Ser o mesmo que fun e que non era
eu mesmo...)

XIV

(Contra a morte o amor que vai comigo)

Dos días que reserva para min o destino
cada unha das súas noites por vivir
sería a derradeira
a única esencial
se puidese vivirte a ti tamén
trasnoitado sobre o teu corpo en calma
cohabitando os teus soños
sobrevivindo á miña inexistencia
soñando nas túas noites
ou prorrogado en ti.

xullo, 95

(E se aínda hai máis vida de onde saíu esta, á que roubarlle palabras de amor e morte, voulle retorcer o pescozo ata que sinta noxo do que deixa atrás. Pero daquela xa terá penetrado nun remuíño de silencio e de humidade, calado máis a miúdo cada vez...)

Declaración

Amarte, vida, amarte case sempre,
inda que sexas dura e leves entremedias
piedade e odio intermitente.

Es ti a que sempre educas e aceleras
a doenza letal dos que non se resignan
a ignorar como es en realidade:
somentes un traxecto
cómodo e aldraxante cara á morte,
un tránsito inútil e innecesario.

Pero a ignorancia salva ós que non queren
arriscarse a perderte tan axiña
a cambio da renuncia a profanarte.

E aqueles dentes que perdín
precisaríaos agora para defender
as conviccións nas que me reafirmo.

Solidario e amable, se é posible,
ou lobo esteparario no desterro,
completarei o círculo insurxente
coas balas do desexo.

agosto, 95

“Shall I at least set my lands in order?
London Bridge is falling down falling down
falling down

(...)

These fragments I have shored against my
ruins”

The Waste Land

T.S. Eliot

(E finalmente, con sono atrasado, mal vivido
pero feliz, sereo e satisfeito, xa podó regresar
ó meu cadavre)

Poderían escoller como epitafio

Cuspídeme enriba cando pasedes
por diante do lugar onde eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.

outono, 95

Poemas para unha loia

"Bid adieu, adieu, adieu,
Bid adieu to girlish days".
J. JOYCE
("Chamber music", XI)

En Leonberg

ABURRIDO

un olor a café
na indiferencia de Praga.
Prumas na cabeza, verde artificial.
Unha entrada excitante
para un xogo final de namorados.

Un tenor azul canta o turno da pasión cando
cae o único inocente.

Sobre o fondo exipcio
a testa ladeada, de perfil.

BIBLIOGRAFÍA

PEREIRO, Lois: *Poemas 1981/1991* . Santiago de Compostela, Positivas, 2010 (2ª edición).

PEREIRO, Lois: *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995*. Santiago de Compostela, Positivas, 2010 (3ª edición).

VV.AA: *Lois Pereiro. Fotobiografía sonora*. Lugo, Ouvirmos, 2010.

SALGADO, Daniel: *Antoloxía Poética*. Vigo, Galaxia, 2011.

NOGUEIRA PEREIRA, María Xosé: *Dicionario Lois Pereiro*. Trescres Editores/Eurograficas, 2011.